

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2011/11

CARACTER: ORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 30 DE SETEMBRO de 2011

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do día **30 de setembro de 2011** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa Reigosa

Dona Mari Luz Alvarez Lastra

D^a Ana María Martínez Fernández.

D. Horacio Cupeiro Rodríguez.

Dona María Teresa González Piñeiroa

D.Xavier Campos López.

Polo Grupo do P.P.

D.Manuel Valín Valdés.

D.José Manuel Yañez Dablanca

D^a Azucena González Loreda.

D^a Maria del Campo López-Braña Freije

Polo Grupo de U.P.R.I.

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

Secretario:

D. Manuel J. Diaz Sánchez

Interventora:

D^a Olalla Alvarez de Neyra Martínez.

Técnico de Admon. Xeral.

D.José Rodil Veiga.

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

UNICO- ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2011.-

Procedese por Secretaría á lectura do Dictame da Comisión Informativa que se transcribe no seu tenor literal a continuación:

“Obra no expediente proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

“ Formado o Proxecto de Orzamento Municipal do Concello de Ribadeo para o exercicio 2011, e considerando o cumprimento das disposicións reguladoras da materia e dos principios que a inspiran, preséntase agora para o seu dictame e aprobación.

Neste sentido, preséntanse, suficientemente dotadas, as partidas para atender ás obrigas esixibles a esta Corporación, tanto para gastos de persoal (Capítulos I e VIII), como para gastos de funcionamento dos servizos (Capítulo II), as relativas ós gastos de intereses e amortizacións (Capítulos III e IX), as correspondentes a transferencias, tanto correntes como de capital (Capítulos IV e VII) e, por último as relativas ós investimentos en obras, etc., (Capítulo VI), todo elo en canto ó Estado de Gastos; e respecto ó Estado de Ingresos, preséntanse os conceptos coas previsións que o longo do exercicio se esperan obter, co fin de financiar os créditos do estado de gastos.

Ós Estados de Gastos e Ingresos engádense as Bases de Execución do orzamento, documentos que constitúen o presuposto básico ó que se une a documentación complementaria á que fan referencia os artigos 12 e 18 do Real Decreto 500/90, do 20 de Abril, e, en definitiva, a esixida polo artigo 165.1) do TRLRFL, ademáis da relación de partidas de gastos, clasificadas funcional e economicamente, e a de conceptos de ingresos cun desglose das diversas partidas globais.

Por todo elo, esta Presidencia proponlle á Comisión Informativa, que, dictaminando favorablemente este orzamento, teña a ben formularlle, a súa vez, ó Pleno da Corporación proposta de adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobalo Orzamento Municipal para o exercicio económico 2011, que se eleva, en gastos e en ingresos á contía de 10.394.218,53 € “dez millóns trescentos noventa e catro mil douscentos dezaoto euros con cincuenta e tres céntimos de euro”, que se concreta nos seguintes resumos por Capítulos, entendendo incluídas nos mesmos as modificacións que se realizaron ó longo do exercicio sobre o Orzamento prorrogado:

ESTADO DE GASTOS.-

| CAP. | DENOMINACION | € |
|----------------------------------|---------------------------------------|-----------------------|
| A) OPERACIONES CORRENTES | | |
| 1 | Gastos de persoal. | 3.877.170,54€ |
| 2 | Gastos en bens correntes e servicios. | 2.796.186,05€ |
| 3 | Gastos financeiros. | 65.900,00€ |
| 4 | Transferencias correntes. | 175.725,00€ |
| B) OPERACIONES DE CAPITAL | | |
| 6 | Inversións reais. | 2.754.962,63€ |
| 7 | Transferencias de capital. | 370.130,78€ |
| 8 | Activos financeiros. | 27.045,54€ |
| 9 | Pasivos financeiros. | 327.097,99€ |
| TOTAL GASTOS..... | | 10.394.218,53€ |

ESTADO DE INGRESOS.-

| CAP. | DENOMINACION | € |
|----------------------------------|---------------------------------|-----------------------|
| A) OPERACIONES CORRENTES | | |
| 1 | Impostos directos. | 2.122.000,00€ |
| 2 | Impostos indirectos. | 170.000,00€ |
| 3 | Taxas e outros ingresos. | 2.469.781,87€ |
| 4 | Transferencias correntes. | 2.637.918,28€ |
| 5 | Ingresos patrimoniais. | 20.670,00€ |
| B) OPERACIONES DE CAPITAL | | |
| 6 | Alleamento de inversións reais. | 0,00€ |
| 7 | Transferencias de capital. | 2.599.802,84€ |
| 8 | Activos financeiros. | 27.045,54€ |
| 9 | Pasivos financeiros. | 347.000,00€ |
| TOTAL INGRESOS..... | | 10.394.218,53€ |

2º.- Aprobala Bases de Execución do orzamento, tal como se atopan redactadas, e que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria, organización e circunstancias do propio Concello.

3º.- Según o disposto no artigo 90 da Lei 7/85, do 2 de Abril, aproba-los cadros de persoal (funcionario e laboral) para o ano 2010, tal como figuran nos anexos de persoal.

4º.- Aprobala-los cadros de retribucións, tanto de funcionarios como de persoal laboral, coas contías que figuran nos mesmos.

5º.- Aprobala Oferta de Emprego Público do exercicio 2011 conforme o cadro de persoal que figura neste Orzamento.

6º.- Declarar a subsistencia das modificacións de crédito operadas sobre orzamento prorrogado agás a modificación de crédito en forma de transferencia de crédito número 4/2011 (dotación de crédito en diferentes partidas de persoal para a cobertura do pagamento de paga compensatoria de ipc segundo acordos e convenios de persoal) e a modificación de crédito en forma de transferencia de crédito número 9/2011 (dotación de crédito para a cobertura da aportación municipal ao proxecto e execución da obra de reforzo e reparación da Torre dos Moreno) por estar ambas previstas especificamente no proxecto de orzamento 2011.

7º.- Que se expoña ó público o expediente por prazo de 15 días hábiles, mediante edictos no B.O.P. e no taboleiro da Casa do Concello e, de non formularse reclamacións contra o mesmo, ou de non basearse estas nalgún dos supostos do art. 170 do Texto Refundido da LRFL, entenderase definitivamente aprobado o orzamento, sen necesidade de novo acordo, remitíndose posteriormente copias á Delegación de Facenda e á Xunta de Galicia, publicándose finalmente Edicto do orzamento, resumido por Capítulos, no referido B.O.P., todo elo segundo se establece a normativa vixente.”

Iniciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda D. Vicente Castro Reigosa que manifesta que coas datas en que se está é un presuposto liquidativo do ano, que recolle o gasto efectuado facendo referencia a diversas sentencias que teñen incidente no mesmo, e que a contía do presuposto debe considerarse anecdótica posto que a pesar do elevado da mesma son as mesmas partidas que no ano 2010, pero aparecen transferencias que non se repetirán como é o caso das subvención para o Pavillón polideportivo, a travesía, etc.

Manifesta tamén o Sr. Castro Reigosa que dende o ano 2005 é a primeira vez que se van pedir préstamos pero se trata do préstamo ICO garantido polo Estado.

De seguido o Sr. Castro Reigosa dí que vai explicar unhas pinceladas sobre o presuposto explicando as modificacións por capítulos, respecto ao presuposto de gastos, ampliando a información que viña manifestando.

A continuación intervén o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSG-PSOE do Grupo Mixto que sinala que debían convocar cun pouco mais de tempo xa que no seu caso o venres non viu nada no seu correo e ata o luns non puido estudialo, e que ademais o documento é un galimatías, que se atopa repetido, e que non tivo moito tempo, que faltaban follas no mesmo, e que ata que dispuxo dun exemplar impreso non puido proceder ao seu estudio adecuado, e reitera a petición de que se convoque, no sucesivo, con mais tempo.

A Sra. Interventora da Corporación, pide disculpas polo sucedido e explicando que o que sucedeu foi que se lles enviou en dous formatos, xa que algúns ordenadores tiñan problema para abrir o formato "excell" e que tamén se enviou polo tanto en "pdf", e que esa foi a duplicidade, de formatos, para que poidese abrirse en calquera ordenador.

Por parte do Sr. Valín Valdés, do Grupo Municipal Popular, manifestase que coincide co Sr. Gutiérrez Fernández en que non é de recibo o que se presenta, e que se incumpre un compromiso da Alcaldía e que as eleccións foron en maio.

Manifesta asimesmo que se dispón de moi pouco tempo para estudia-lo presuposto pero que con pequenas diferencias é un "corta e pega" do presuposto anterior e que o único que hai é un pequeno cambio de partidas.

Manifesta igualmente o Sr. Concelleiro que o seu Grupo vaise reservar para o Pleno pero que en síntese consideran que hai pouco traballo neste presuposto, se presenta tarde, e hai pouco tempo para estudialo.

Asimesmo manifesta que van estudialo e xa o verán no Pleno, pero que reservan a súa postura ata o mesmo.

O Sr. Castro Reigosa, Concelleiro Delegado, contesta aos Sres. Concelleiros que lles sorprende parte do que dín e que xa explicou o carácter do presuposto e que lle gustaría que estivesen con él para repasar, recortar e cadrar, que non é doado, e que os investimentos son os que son e que efectivamente é moi similar ao presuposto do ano anterior, coa novidade dos préstamos ICO.

O Sr. Alcalde pola súa parte manifesta que no ano 2011 se produciron as circunstancias electorais e durante medio ano non dispuxeron de maioría e o último presuposto foi aprobado a través dunha Moción de confianza, e que se os Sres. Concelleiros repasan os anteriores orzamentos e as súas datas de aprobación poderán comprobalo.

Toda vez que por parte do Sr. Valín Valdés se replica ao Sr. Alcalde manifestando que se permitiu a aprobación dos presupostos en anteriores exercicios, por parte da oposición, ironizando que van dicir que tiñan un "idilio", o Sr. Gutiérrez Fernández, tercia dicindo que están "metendo os cans na bouza" e fai referencia ao "idilio de Sigfrido".

Os Sres. Concelleiros dos Grupos do PP e Mixto manifestan que se reservan o que se contabilizará como abstención.

O Sr. Alcalde asimesmo sinala que cando estaba na oposición se lle facilitaba menos documentación ou menos completa do que se fai pola súa parte agora.

Pasada a votación a proposta da Alcaldía-Presidencia de orzamentos para o exercicio 2011, ditamínase favorablemente por 4 votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e 3 abstencións (dos membros dos Grupos do Partido Popular e Mixto), acordándose, polo tanto, Propoñer ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

1º.- Aprobalo Orzamento Municipal para o exercicio económico 2011, que se eleva, en gastos e en ingresos á contía de **10.394.218,53 €** “**dez millóns trescentos noventa e catro mil douscentos dezaoto euros con cincuenta e tres céntimos de euro**”, que se concreta nos seguintes resumos por Capítulos, entendendo incluídas nos mesmos as modificacións que se realizaron ó longo do exercicio sobre o Orzamento prorrogado:

ESTADO DE GASTOS.-

| CAP. | DENOMINACION | € |
|----------------------------------|---------------------------------------|-----------------------|
| A) OPERACIONES CORRENTES | | |
| 1 | Gastos de persoal. | 3.877.170,54€ |
| 2 | Gastos en bens correntes e servicios. | 2.796.186,05€ |
| 3 | Gastos financeiros. | 65.900,00€ |
| 4 | Transferencias correntes. | 175.725,00€ |
| B) OPERACIONES DE CAPITAL | | |
| 6 | Inversións reais. | 2.754.962,63€ |
| 7 | Transferencias de capital. | 370.130,78€ |
| 8 | Activos financeiros. | 27.045,54€ |
| 9 | Pasivos financeiros. | 327.097,99€ |
| TOTAL GASTOS..... | | 10.394.218,53€ |

ESTADO DE INGRESOS.-

| CAP. | DENOMINACION | € |
|----------------------------------|---------------------------------|---------------|
| A) OPERACIONES CORRENTES | | |
| 1 | Impostos directos. | 2.122.000,00€ |
| 2 | Impostos indirectos. | 170.000,00€ |
| 3 | Taxas e outros ingresos. | 2.469.781,87€ |
| 4 | Transferencias correntes. | 2.637.918,28€ |
| 5 | Ingresos patrimoniais. | 20.670,00€ |
| B) OPERACIONES DE CAPITAL | | |
| 6 | Alleamento de inversións reais. | 0,00€ |
| 7 | Transferencias de capital. | 2.599.802,84€ |

| | | |
|----------------------------|----------------------|-----------------------|
| 8 | Activos financeiros. | 27.045,54€ |
| 9 | Pasivos financeiros. | 347.000,00€ |
| TOTAL INGRESOS..... | | 10.394.218,53€ |

2º.- Aprobala Bases de Execución do orzamento, tal como se atopan redactadas, e que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria, organización e circunstancias do propio Concello.

3º.- Según o disposto no artigo 90 da Lei 7/85, do 2 de Abril, aproba-los cadros de persoal (funcionario e laboral) para o ano 2010, tal como figuran nos anexos de persoal.

4º.- Aprobala cadros de retribucións, tanto de funcionarios como de persoal laboral, coas contías que figuran nos mesmos.

5º.- Aprobala Oferta de Emprego Público do exercicio 2011 conforme o cadro de persoal que figura neste Orzamento.

6º.- Declarar a subsistencia das modificacións de crédito operadas sobre orzamento prorrogado agás a modificación de crédito en forma de transferencia de crédito número 4/2011 (dotación de crédito en diferentes partidas de persoal para a cobertura do pagamento de paga compensatoria de ipc segundo acordos e convenios de persoal) e a modificación de crédito en forma de transferencia de crédito número 9/2011 (dotación de crédito para a cobertura da aportación municipal ao proxecto e execución da obra de reforzo e reparación da Torre dos Moreno) por estar ambas previstas especificamente no proxecto de orzamento 2011.

7º.- Que se expoña ó público o expediente por prazo de 15 días hábiles, mediante edictos no B.O.P. e no taboleiro da Casa do Concello e, de non formularse reclamacións contra o mesmo, ou de non basearse estas nalgún dos supostos do art. 170 do Texto Refundido da LRFL, entenderase definitivamente aprobado o orzamento, sen necesidade de novo acordo, remitíndose posteriormente copias á Delegación de Facenda e á Xunta de Galicia, publicándose finalmente Edicto do orzamento, resumido por Capítulos, no referido B.O.P., todo elo segundo se establece a normativa vixente.”

Comeza o turno de intervencións o Sr. Gutiérrez Fernández, Concelleiro do PSdG-PSOE, no Grupo Mixto e refírese ao Sr. Concelleiro Delegado de Facenda que manifestou o traballo que supuxo cadrar as contas, pero que a 3 meses vista do fin do ano considera que o que se fixo foi anotar o que se gastou e tomar nota do que se debe, o cal non cre que dea moito traballo, tendo en conta que o Concelleiro Delegado ten todo o tempo para adicarse a esa función, á parte do cadro de persoal do concello que está magnificamente dotado.

Prosegue manifestando que van votar que non ao orzamento por varias razóns, a primeira porque é practicamente unha liquidación, polo tanto non é unha previsión senón un balance, que hai un recoñecemento de sentenzas xudiciais firmes de elevado importe que é consecuencia da política de persoal e que non tivo ningunha dación de conta política, porque alguén tomou determinadas decisións que habería que explicar ante o pleno e ante a opinión pública e debería dar lugar a dimisións.

Manifesta tamén o Sr. Concelleiro que quere destacar que os gastos de persoal aumentan respecto ao orzamento anterior, así como os gastos correntes, e en protección civil acumúlase parte desa débeda de persoal por resolucións xudiciais firmes e que figura na partida 233 de gastos correntes, inclúense 55.000 euros para contrato de prestación de servizos de asistencia, o que di que reflexa algo que se foi facendo con carácter sistemático sen que mediara ningún tipo de concurso, senón por adxudicación repetida.

Asimesmo refiorense a que baixan os gastos correntes en sanidade ao eliminar o convenio coa sociedade protectora de animais, que en alumado público e en electricidade en xeral prevese un suplemento de 71.500 euros, aínda que considera que se é tan grave debería haber un plan de aforro nesa materia, xa que na de persoal é moi difícil. Nos servizos complementarios, como en educación tamén está outra parte importante desa débeda, con máis de 45.000 €.

Di tamén o Sr. Concelleiro que aumentan os ingresos, a pesar de estar nun momento de crise, en auga, en rede de sumidoiros, lixo, postos do mercado ou multas onde se prevé un aumento de 20.000 euros con respecto ao ano anterior, con o cal alcanzarase unha cifra de 100.000 euros no cálculo de infraccións. Di que o préstamo ICO, que terá que formalizarse rapidamente é de 347.000 euros e é unha das medidas dese tan denostado goberno de España, ao que se pode acoller todo o mundo, ten un xuro moderado dados os tempos que corren con liquidacións anuais a tres anos. En resumo, di que segundo este orzamento-liquidación a financiación propia do concello é un 23,7%, mentras que a allea, a do denostado goberno, Ministerios, Deputación e Xunta en menor medida supera o 76%. Finalmente di que hai algo que merece a pena destacar relativo aos remanentes de tesourería, xa que se levou a cabo un aumento dos saldos de dubidoso cobro, explica que o di a propia interventora e o único que fai é tomarlle a palabra e ler o informe do 20 de xullo de 2011 no que recomenda facer unha depuración de saldos contables en todos os sentidos, de gastos e de ingresos para que a contabilidade municipal sexa real. Di que eles xa se referiron a esa cuestión en varias ocasións que é necesario depuralo polos datos que hai, estudos, de concellos iguais, xa que normalmente o 20% deses dereitos pérdense. Anuncia que eles votarán que non ao proxecto.

Continúa o turno de intervencións a Sra. González Loredo, do grupo municipal do PP, que manifesta reitera a queixa que xa se fixo en Comisión de que non tiveron tempo de estudar os orzamentos convenientemente, xa que o Sr. Alcalde ten adicación exclusiva e o Sr. Concelleiro está liberado pero que ela traballa e dende o mércores ata o venres parécelle pouca marxe. Considera que non anunciaron que ía haber un pleno para os orzamentos, polo que non hai moito público a pesar do importante que é a súa aprobación. Recórdalle ao Sr. Alcalde que prometeu que aprobarían os orzamentos no primeiro trimestre do ano, pero van fóra de tempo. Considera que hai un desinterese absoluto na elaboración dos orzamentos, e que ,por exemplo nunha base de execución do orzamento que pretenden aprobar, figura indemnizacións por asistencias a sesións plenarias 60€, asistencia a comisións informativas 40€, asistencia a xuntas de goberno 60€, asistencia a xunta de portavoces 40€, e a outros órganos colexiados locais 40€. Di a Sra. Concelleira que fai dous meses, a proposta do equipo de goberno, o 15 de xuño, no pleno municipal aprobouse a redución desas indemnizacións, polo que lle parece penoso. Por outra parte, explica que nos arquivos que lles enviaron pon orzamento xeral de 2010, tamén hai outro arquivo que se chama gastos con financiación afectada.

Dada a palabra pola Alcaldía á Sra. Álvarez de Neyra Martínez, Interventora municipal, explica que eses arquivos non eran válidos, que se explicaba no correo electrónico, que so valían dous dos listados.

A Sra. González Loreda pide que se esforcen un pouco máis, que leu cousas do ano 1999 ou 2000, en pesetas. Explica que mirou a liquidación do 2010 para ver os orzamentos e a credibilidade que poden ter, e quere sinalar que son bastante pouco axustados á realidade e presumen do gasto social, pero no 2010 tiñan presupostados 32.600 euros en atencións benéficas e asistenciais e gastaron 5.900. Di que ocorre o mesmo con tranferencias a asociacións, onde presupostan 48.000, pero teñen un remanente de 20.300€. En outras inversións de reposición, no tema da travesía orzamentaron 852.000 euros e teñen un remanente de 729.000€, polo tanto executaron 122.000€, na partida 61900, de 2010.

Refírese tamén a Sra. Concelleira a publicidade e propaganda onde se presupostou de menos ou se gastou demáis

Explica asimesmo que do total dos orzamentos de gastos que ascendía a 9.100.000 euros hai un remanente de 2.080.000 euros, polo que dubida da fiabilidade dos orzamentos que se fan, e que nos ingresos ocorre o mesmo máis ou menos, xa que se presupostou demáis en todos os impostos, directos ou indirectos, e nas taxas, onde se presupostaron 270.000 euros demáis. Non sabe se se inflan os presupostos ou non recadan, xa que están pagando 58.000 euros a unha empresa. Chámalle a atención o tema das infraccións de circulación, xa que tiñan presupostados 60.000€ e recadáronse 83.000€.

A Sra. González Loreda comenta ao Sr. Alcalde que pode que a Xunta non lle dea diñeiro, pero o pasado ano presupostaron 1.100.000 euros e déronlles 16.000 euros máis. Di que do total orzamentado teñen un exceso de previsión de ingresos de 2.268.000€, en resumo, con respecto ao 2010 pagaron 6.600.000 euros e recaudaron 7.600.000 euros, é dicir, un millón máis do que pagaron, mentras teñen pendentes de pagar 2.080.000 euros e pendentes de cobrar 1.400.000 euros. Compara agora o orzamento de 2010 co de 2011, e di que o ano pasado pasáronse 25.000 euros en impostos directos e este ano presupóstanse 41.000€ máis, é dicir 66.000 € máis respecto ao que recaudaron o ano pasado, mentras que en impostos indirectos presupostan 10.000€ máis que o ano pasado, no cal deixaron de recaudar 23.000€, o que quere dicir que están presupostando, con respecto ao que recaudaron no ano 2010, 33.000 € máis.

A Sra Concelleira di tamén que en referencia ás taxas, explica que o ano pasado pasáronse orzamentando 279.000 € e este ano súmanlle 269.000€, polo que dende o que recaudaron ata o que orzamentaron teñen unha diferenza de 600.000 euros, que son 100 millóns de pesetas. Resalta que suben 82.000 euros en gastos de persoal e 140.000 euros en gastos correntes polo que Sra. González non ve que queiran aforrar. Con respecto aos remanentes de crédito, teñen 1.689.000€ das inversións, co cal teñen remanentes a costa de non invertir e non dar, xa que no capítulo 7 e no 4 teñen 255 e deixaron sen executar 158.

A Sra. González Loreda di que equipo de goberno está a dicir que estaban mellorando as contas, pero o remanente de tesourería do ano 2009 é de 535.00 euros, o do 2010 é de 434.000€, polo que hai unha diferenza de 100.000 €. Chámalle a atención o informe de Intervención cando fai mención aos reparos que a Alcaldía levanta por decreto, xa que hai 4 no mesmo sentido, nos que se informa desfavorablemente o pagamento de axudas de emerxencia por falta de requisitos formais e falta de xustificación do expediente, polo que a señora Interventora consideraba que iso non se podía pagar, pero o Sr. Alcalde levantou o reparo e pagárono.

Refírese tamén a Sra. González Loreda a unha liquidación presentada a 30 de xuño, preliminar, onde levan 1.157.000 € de gastos comprometidos, de 9 millóns, polo que se deduce que lles queda moito por gastar, e levan 203.000€. Cre que o informe de intervención é bastante benévolo porque di que non se cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria, é dicir, que non hai capacidade de financiación para o que se comprometen a facer, hai un déficit de 19.000€, que cumprirían axustes ou un plan de saneamento financeiro a tres anos, pero deciden esperar á liquidación. Por outra parte o informe de Intervención di que se debería aprobar o orzamento antes do 1 de xaneiro e a

previsión é de aprobalo antes do 15 de outubro. Tamén di o informe que non figura previsión orzamentaria para a aprobación extraxudicial das facturas que figuran pendentes de aprobación de anos anteriores, polo que quere saber canto hai e por que non se orzamenta, se van seguir sen pagarse, o cal contrasta co desequilibrio do que se falou porque igual resulta que hai máis déficit. Respecto ao tema de persoal, parécelle un capítulo sangrante do orzamento xa que fixeron unha comparativa e no último orzamento que aprobou o goberno do PP, que é do ano 2002, había un orzamento para gastos de persoal de 2.285.000€ e no orzamento de 2011 preséntanse 3.877.000 euros, polo que hai unha diferenza de 1.591.000 €, é dicir, 270 millóns de pesetas, dende o 2002 ao 2011, explica que en 2002 non había avogada do CIM, nin AEDL, nin técnico do núcleo de sostibilidade, nin técnico de inmigración, nin técnico de cultura, nin monitor de deportes, nin dinamizador do telecentro, nin secretaria particular, nin cobraba o alcalde, nin educador familiar etc. o que ascende a 50 millóns de pesetas. Anuncia que o equipo do PP apoiou os orzamentos fai 4 anos porque o equipo de goberno adquiriu un compromiso que non cumpriu e que os 68.000 euros seguen sen estar orzamentados.

Á Sra. González Loreda prosegue manifestando que chámalle a atención que o Sr. Alcalde poña “a caer dun burro” ao persoal, que non lle fai caso, que non cumpre os horarios.. pero despois págalle 26.900 euros de gratificacións e incentivos de produtividade por case 60.000 euros, é dicir 10 millóns de pesetas para non producir.

Fai referencia tamén a Sra. Concelleira a que no relativo a gastos por execución de sentencias e gastos xurídicos a cantidade ascende a 111.000€, 19 millóns de pesetas, polo que considera que algo fan moi mal no tema de contratacións, xa que cando un traballador demanda danlle a razón. Pensa que o orzamentado cubre as sentenzas que son firmes, pero gustaríalle saber cantas demandas máis teñen no xulgado.

Asimesmo a Sra. González Loreda di que respecto aos investimentos de 2.300.000 euros, son de financiación propia 210.000€, dos que 60.000€ son para o campo de fútbol 7. Explica que hai aproximadamente un 23% do orzamento adicado a investimentos, cando no último goberno do PP había o 31,8%. Analizando as inversións, a Sra. González Loreda di que non ve xestión, xa que a obra da Travesía tocoulles, o 7º convenio do ARI ven porque se aprobou o primeiro, que foi do período de goberno do PP, que os nichos van vendelos, e que considera que a Deputación trata ao concello moi ben, sobre todo á Área de Cultura e Deportes, pero non á outra metade.

Prosegue sinalando a Sra. Concelleira que, mirando os gastos, en servizos sociais teñen 546.000€, dos que 421.000 son para persoal, e 11.000€ para indemnización por utilización de vehículo particular para desprazamentos por motivo da función do persoal dos servizos sociais, por outra parte a inversión nos servizos sociais é de 1.300€, tamén lles recomenda que revisen o convenio da limpeza xa que lle parece unha barbaridade 43.000€ por limpar o colexio.

A Sra. Concelleira di que considera que as subvencións a entidades son bastante desiguais, mentras que Amadores da Música ten 6.000€, Amigos da Gaita 1.500€, Paco Lanza 2.500€.

Refírese agora a Sra. Concelleira a un recoñecemento extraxudicial de crédito e quere que lle expliquen de que é unha comida para 100 persoas por importe de 1.177€. A Sra. González Loreda tamén ironiza coa magnífica xestión da Escola de Música onde recaudan 55.000€ e gastan 365.000€.

Sinala asimesmo que plantéxase se compensa, tendo un auditorio, pagar 6.800€ de aluguer do teatro e 1.650€ de seguro. Refírese asimesmo á promoción turística, onde se orzamentan 41.172€ que desglosándoo é puramente de mantemento da oficina de turismo, e recórdalle ao Alcalde que

fai uns meses dixo que lle debía 23.000€ a Villas Marineras, pregunta se os vai pagar agora, así como os 8.000 euros deste ano que prometeu invertilos noutras cousas pero non os ve.

Prosegue a súa intervención manifestando que tamén orzamentan para o Leader Plus 62.000€, cando a débeda con "Puente dos Santos" a 30 de xuño é de 96.000€, pregunta se non van pagalo todo. Pídelles que revisen as subvencións ás festas populares porque non lle dan á Festa das Cruces, que é a máis antiga do concello.

O Sr. Castro Reigosa, Concelleiro Delegado de Facenda, responde que este ano non houbo Festa das Cruces, polo que non se lle deu.

A Sra. González Loreda pola súa parte di que o ano pasado tampouco recibiu subvención.

O Sr. Castro Reigosa contestalle que se non a presentaron e xustificaron non a recibirían, pero que este ano é normal que non figure porque non a houbo.

A Sra. González Loreda di que cree que as subvencións están copiadas do ano pasado. Refírese agora a outros gastos como 18.000€ en Medio Ambiente, que consisten en Mantemento da certificación existente e nova Certificación do Sistema de Xestión Ambiental: 5.000€; Auditoría Q de Calidade: 4.000€; Implantación do EMAS 9.000€, é dicir 18.000€ en títulos e non lle parece moi práctico, en cambio a bandeira azul que é gratis non interesa.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, Concelleiro delegado de Medio Ambiente, intervén dicindo que considera que non é máis importante a bandeira azul.

A Sra. González Loreda responde que é máis rentable. En canto ao capítulo de ingresos di que hai uns ingresos de IBI urbana de 1.520.000€, e por encima aproban a plusvalía. Refírese a que hai un total de impostos directos de 2.100.000€ e de taxas por servizos básicos 1.700.000€, ou sexa, que os ribadenses pagan sobre 3 ou 4 millóns de euros, polo que manifesta non estar de acordo con como xestionan. Refírese tamén a unha partida da Deputación Provincial para ximnasia no rural de 12.000 euros, e co que recadan do que pagan os asistentes 5.000€, polo que fai un total de 17.000€, pero as clases nas parroquias costan 14.000€.

O Sr. Castro Reigosa explica que o contrato é de 14.000€ e despois está a limpeza das escolas, que tamén se suma para xustificar as subvencións e os ingresos. Informa o Sr. Concelleiro Delegado que o proxecto suma 19.000€.

A Sra. González Loreda dí que considera que hai moitas obrigacións de orzamentos pechados como 856.000€ do 2009, 442.000€ do exercicio do 2008, e que manifesta o seu acordo con Intervención de intentar cobrar estas cantidades e pagar o que deben, xa que teñen de orzamentos anteriores importantes importes. Relativo ao préstamo ICO non quere afondar moito porque ten que volver a pleno para a súa aprobación, aínda que pregunta por un préstamo de 347.000€ e quere saber cales son as facturas ás que se lles vai facer fronte con este montante.

O Sr. Castro Reigosa responde que iso ten que vir no expediente do pleno da aprobación do préstamo.

A Sra. González Loreda di que considera que se non as orzamenta en gasto e sí en ingreso, está facendo trampa.

O Sr. Castro Reigosa responde que é para pagar facturas que xa están aprobadas antes de abril de 2011, polo tanto non teñen que figurar no orzamento.

A Sra. González Loreda replicalle que pensa que deste xeito non é real, xa que fai un ingreso con unha financiación afectada e que vai valer para sacar facturas "do caixón".

Previa autorización da Alcaldía intervén a Sra. Álvarez de Neyra Martínez, Interventora, que di quere informar sobre os listados que non coincidían. Explica que cando se remitiu o correo electrónico coa documentación do pleno indicábase que no arquivo orzamento2011ribadeo.mdb, debían consultarse expresamente dous listados, xa que o resto arrastraba de anos anteriores e a clasificación cambiou polo que daba moitos erros e cando se cambiou a clasificación contable non se cambiou dentro dese formato de base de datos, é por iso que non se traballa con esa parte dos listados. En canto ao anexo de inversión, debeu quedar colgado de moitos anos atrás, e o que se mandou en formato Excel de investimentos é o que vale.

A Sra. González Loreda admite que ese viuno pero o que non viu foi o válido de financiación afectada.

A Sra. Interventora explica que o listado de financiación afectada non forma parte do orzamento municipal, senón que é un listado que fai anos outros interventores facían á parte, pero ela inclúeo dentro do anexo de investimentos cando fai a separación entre financiación allea e financiación propia, indicándoo.

O Sr. Valín Valdés, tamén do grupo municipal do PP, intervén pide que se lles dea un exemplar en papel para solucionar o problema, porque é moito máis sinxelo, e se pode ser 15 días antes.

A Sra. Interventora explica que no segundo correo mandábase en formato pdf. Respecto ás bases de execución onde se fai referencia ás antigas indemnizacións por asistencias explica que as formulou Intervención e é obrigatorio facer esa referencia, xa que as bases de execución acompañan ao orzamento e aínda que se aproben en setembro a lei obriga con carácter retroactivo a 1 de xaneiro, polo tanto non se pode reflectir nin no orzamento nin nas bases posteriores ou que se coñecen con posterioridade, é dicir, se o orzamento se aprobara en prazo as cifras que habería eran as do acordo de 2007. Informa que foi conscientemente, que non foi un erro.

Prosegue manifestando que respecto á dación de conta dos reparos, informa que lle gustaría que se lle solicitasen eses informes para saber exactamente porqué se realizaron porque na dación de contas hai que facer un resumo dos mesmos, pero no informe é onde se pode extraer. Quere sinalar que os reparos, normalmente, veñen por cuestións formais, porque non sempre unha actuación, en materia de emerxencia social, aínda que poida ser considerada de necesidade e servizos sociais teña un coñecemento persoal dos beneficiarios, a lei de subvencións é moi rixida en materia de papeleo e en ocasións, aínda que se precise, Intervención ten que reparar cando non se axusta á lei. Pregunta se queren que explique o tema da estabilidade orzamentaria e porqué existe a consideración de Intervención, xa que ven dada por unha lei e un regulamento e a súa aplicación está prevista para estados e comunidades autónomas e a súa aplicación ás entidades locais, polo que resulta un pouco encorsetada, xa que non é a mesma lexislación.

Afirma tamén a Sra. Interventora que se consultou a situación que se daba porque é unha circunstancia de desestabilización do 0,002% do orzamento, polo que se consultou a outros interventores e ao Ministerio respecto de se existía a obrigatoriedade de formular ese plan. Explica que o Ministerio responde que se trata dunha situación tendente a equilibrarse sola na liquidación, é

dicir, a diferenza ven dada polo crédito que se permite solicitar a través da liña ICO e é superior á amortización que ten prevista realizar o concello de Ribadeo anualmente dos créditos que “lle caen encima”. Informa que, como consecuencia do Real Decreto do ano pasado, existe unha previsión de amortización anticipada do Concello como consecuencia do recorte salarial de entre 80.000 e 100.000 euros, o que vai equilibrar e dar estabilidade orzamentaria na liquidación, por ese motivo se considerou que non sería necesaria a elaboración dun plan de saneamento que leva moito tempo realizalo, que hai que levalo a pleno, remitilo ao Ministerio porque ao mellor cando se terminara a tramitación a situación xa estaba reconducida polo propio xogo da liña ICO e polo Real Decreto 8/2010.

Intervén a continuación o Sr. Castro Reigosa, Concelleiro Delegado de Facenda, que comeza respondendo ao Sr. Gutiérrez López, do PSdG-PSOE, e di que o traballo do orzamento foi asumido por el mesmo como Concelleiro Delegado. Que no referente ás sentenzas xudiciais considera que hai que explicar as tomas de decisión e que ninguén dimitiu por tomalas, pero que existe certa contradicción, xa que quen o suscribe estivo toda a campaña dicindo que había que recortar en persoal, pero fai mención a unhas sentenzas que van na liña de non duplicar postos de traballo. En canto ás baixas en sanidade, unicamente se fai referencia a unha por convenio coa sociedade protectora de animais de aproximadamente 3.000 euros, pero non se mencionan outras baixas en contrato de actividades socioculturais e deportivas, que baixa máis de 10.000€, convenios e actividade cultural que baixa tamén máis de 10.000€, en deportes baixas xenéricas en case todas as partidas etc. con respecto á tarifa eléctrica explica que xa se empezaron a tomar medidas

Dí asimesmo que en relación a iniciativas ao respecto para subsanar o tema, explica que despois lle pasará a palabra á Sra. Interventora polo tema eléctrico, pola reclamación na que o concello está inmersa coa empresa E.On por un incumprimento de contrato asinado no 2009, aínda que á parte estanse tomando medidas para tratar de corrixir, tanto o consumo como os controis de potencia contratada e a eficiencia e control na facturación, onde tamén se detectan bastantes erros por parte da suministradora. Que supón que cando fai referencias aos servizos complementarios de educación se refire á escola de música. Admite que a escola de música ten un coste excesivo para o que se recada por ela, nese aspecto, tomarán medidas que non se poden tomar nun orzamento, senón a través de modificación de ordenanzas. Quere resaltar a redución da subvención por parte da Xunta e o recorte en certos servizos da escola, ao que non fixo mención a Sra. Concelleira do PP.

Sinala tamén o Sr. Concelleiro que respecto ao aumento dos ingresos que proveñen das taxas de auga, de alcantarillado, lixo, mercado ou multas, explica que os dous últimos adaptanse á situación da recadación e na previsión vai por debaixo do recadado no exercicio anterior, e que en canto á auga, alcantarillado e lixo informa que non está na Comisión e repite que parte da subida do orzamento e do aumento do gasto e ingreso en taxas é debido á incorporación no orzamento dun bimestre de 2010, de 200.000€ que eran os que faltaban en recadación de taxas no 2010, onde non figuraban o último bimestre de auga e alcantarillado nin en gastos nin en ingresos, e os de recollida de lixo tampouco figuraban en ingresos.

O Sr. Valín Valdés, do grupo municipal do PP, manifesta que está desexando ver a acta da comisión xa que non lle soa nada do que está dicindo.

O Sr. Castro Reigosa explica que na Comisión, xa fixo mención ao motivo polo cal se aumentaban os gastos correntes e era debido á incorporación do bimestre, motivo polo cal subían os ingresos. Tamén se fai mención ao préstamo ICO, unha medida do “denostado Estado” actual – en senso irónico-, explica que é unha medida á que se acolle o Concello como se acollen a maioría dos concellos e que o día que se leve a pleno debatirase e falarase del, pero que nese momento non procede. Respecto á inversión con financiación propia e allea, explica que a financiación propia é unha parte menor, pero maior que a do ano pasado porque non hai para máis.

Di o Sr. Castro Reigosa que gustaríalle ver as inversións futuras das distintas Administracións nos anos vindeiros, non só en Ribadeo, que parécelle que a única obra que tiña Costas na provincia de Lugo é a que están rematando en Ribadeo, e non hai ningunha máis á vista e esa será a tendencia para o futuro, se non veñen males maiores. En canto aos remanentes de tesourería, considera que non é un tema do pleno actual, senón do día que se debata a conta xeral, aínda que sí que hai pendente unha depuración de ingresos e de gastos. Recorda que o que el dixo foi que a situación melloraba, pero non que fora ideal aínda que aspira a que despois da liquidación do orzamento de 2011 e das depuracións de resultas que se fagan quede “a pre”.

Refírese tamén o Sr. Concelleiro ao orzamentado en 2010 para atencións benéficas, explica que foi en abril ou maio polo que era un presuposto e creárase un fondo social para atención a persoas desempregadas que non tivo gran demanda, motivo polo que se recortou este ano, pero non desaparece, explica que se gastou segundo a demanda que houbo. No apartado de subvencións, informa o Sr. Concelleiro Delegado que hai unha serie de partidas para subvencións nominativas, e outras máis pequenas para concurrencia competitiva, concretamente en deportes, e aprobáronse as que se xustificaron, pero houbo asociacións que non xustificaron ao 100%, outras nin o 50%, e outras nada. Explica que algunha comisión de festas tampouco chegou a xustificala e a Lei de Subvencións esixe que se xustifiquen conforme á normativa vixente, e o orzamento foi presentado pouco antes de que remataran as festas, polo que se incluíron todas as que houbo. Informa que moitas subvencións, como é o caso de Cultura, están con arreglo a convenios e actividades, por tanto se se presenta unha actividade ou se unha asociación prevé unha actividade concreta orzamentárase con arreglo á actividade concreta, pero anuncia que haberá recortes no apartado de subvencións.

Por parte do Sr. Castro Reigosa sinalase que considera que o tema dos reparos ten pouco que ver co que se debatiu do orzamento, xa que son reparos a gastos concretos. Respecto ao estado de execución a data de xuño di que a contabilidade do concello normalmente vai con retraso e non reflecta a realidade nin en ingresos nin en gastos, que será reflectido no mes de novembro.

Refírese tamén o Sr. Concelleiro ao recoñecemento extraxudicial de crédito e as facturas “do caixón”, e que considera que a concelleira do PP non estaba na corporación anterior na que se falou bastante. Di que hai un arquivador con documentos en formato Excel actualizado permanentemente con todas as facturas que figuran no REC, e non se meten todas no orzamento porque non caben, pero todos os anos se fan recoñecementos extraxudiciais con cargo ao orzamento cando se sabe a capacidade que hai para colocar, recalca que os REC que se fixeron nos últimos anos do mandato do PP deixan tamén moito que desexar. Refírese agora o Sr. Castro Reigosa ás partidas de persoal que aumentaron 1.500.000€, e recrimínalle á Sra. González Loredo que non fixera mención ao aumento de persoal en asistencia domiciliaria e á

dependencia, que non aumentou, senón que se multiplicou para dar cobertura, explica que houbo autorizacións de convenio que trouxeron consigo certas subidas debatidas no seu momento. Explica que os incentivos á produtividade do persoal foron aprobados en convenio, polo que forman parte del.

En canto a demandas do xulgado, non saben as que quedan por vir, pero admite que algunhas se arrastran dende o mandato do PP. Considera que hai que buscar unha saída ao aluguer do Cine Teatro porque o rendemento que se lle saca non é moito, agás certos actos puntuais de Cultura, de algunha asociación que colabora co Concello ou actos electorais, comunica que se estudiará para darlle unha solución. En canto ao que se orzamenta este ano do Leader Plus, informa que se trata de liquidacións que se arrastran do último ano, e explica que se lle deben 90.000€ que están aprobados, polo que non hai que incluílos no orzamento, pero que unha gran parte da débeda débese a operacións de tesouraría que están en marcha, porque tamén están pendentes de recibir liquidacións de Fondos Europeos e do Ministerio, o que arrastra gastos permanentes ano tras ano que tratarán de corrixir, aínda que están á espera dos fondos estruturais. Admite que o orzamento non é liquidativo pero queda un trimestre por executar, ou sexa que a previsión para o que queda non é moita, pero non o pode dicir porque non ten os datos exactos do que vai gastado ata o de agora, xa que a contabilidade non está ao día, indica que pode ter certos gastos controlados pero exhaustivamente é moi difícil.

Continúa falando o Sr. Alcalde que considera que é un dos orzamentos máis longos debatidos e propón facer unha segunda volta pero pide que sexan breves.

O Sr. Gutiérrez Fernández, voceiro do PSdG-PSOE, insiste en que respecto á política de persoal el nunca falou de botar a ninguén, senón de racionalizar e non seguir aumentando o cadro de persoal e buscar saídas, xa que case todos son titulados universitarios, polo que se entende que teñen que ter certa versatilidade para cuestións municipais que non son tan complexas e non “externacionalizar” algúns servizos. Recoñece que hai máis baixas no orzamento pero que lle corresponde ao voceiro publicitalas, xa que a súa función é destacar os aspectos críticos. En canto á factura eléctrica notou que é moi abultada, que non detecta as medidas anunciadas. En canto á escola de música, di que sabe que hai unha baixa nas subvencións da Xunta, así como unha política de non asumir as competencias en educación e os concellos seguen gastando recursos que non teñen nos colexios públicos, cando considera que tiña que ser competencia da Xunta, xa que a representación que ten o concello no consello escolar é de un membro, propón que se leve a pleno unha iniciativa de tipo político. Considera que hoxe en día vaise mellorando pouco a pouco pero que viu titulares na prensa acerca de superávits e se non se explica, xa que se da a entender que en Ribadeo se “nada na abundancia”.

A Sra. González Loredó, do grupo municipal do PP, xustifica que o recorte da Xunta de Galicia para a escola de música débese a que ao igual que o concello, a Xunta tamén ten que recortar, pero apoia os conservatorios. Informa que cando o seu grupo deixou o goberno tiña un proxecto para un conservatorio, sen eliminar a escola de música. Admite que non entende o tema das taxas, xa que se quedaron 200.000€ do bimestre anterior quere saber onde está a diferenza ata 600.000€, porque se recaudaron 279.000€ de menos, refírese á diferenza entre o que se recaudou o ano pasado real e o que se presuposta este ano, xa que este ano sube 200.000€ sobre o total, non sobre o que se recaudou.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Facenda, aclara que o ano pasado se recaudaron 200.000€ menos, que se se recaudaran ese bimestre sumábanse ao que se cobrou de menos, que realmente correspondía ao ano pasado, e cubriríase o orzamentado, pero iso increméntase

ao deste ano e, por esa razón, aumenta, polo que o ano pasado recórtanse 200.000€, e este ano auméntanse 200.000€.

A Sra. González Loredo considera que hai 60.000€ para o campo de fútbol o que indica que en deportes van moi ben. Explica que ao igual que o concello a Xunta tamén ten que facer recortes, sería reprochable se a Xunta estivese ben economicamente pero non é o caso. Con respecto ás subvencións, informa que Amadores da Música non ten convenio.

A Sra. Álvarez Lastra, concelleira delegada de cultura, contesta que sí que ten convenio, ao igual que a Coral Polifónica.

A Sra. González Loredo continúa falando dos reparos á Interventora, considera que os informes son obrigatorios. Respecto a que todos os anos metan facturas “do caixón” en Recoñecemento extraxudicial de crédito, pide que lles expliquen os criterios para facelo. Aclara que ela non criticou os incentivos do persoal, pero parécelle unha hipocresía. Xa sabe que non se poden prever as demandas pero quere saber cantas hai agora mesmo no xulgado.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro de Facenda, coincide con o Sr. Gutiérrez Fernández, do grupo municipal do PSdG-PSOE, en que é un dispendio a inversión que ten que facer o concello en educación ano tras ano, que ronda os 110.000€, polo que está asumindo competencias que non lle corresponden. Con respecto ás facturas do recoñecemento extraxudicial explica que os criterios que se utilizan en algunhas son evitar a reclamación xudicial ou a capacidade polo tema da vinculación entre o ano que correspondería orzamentariamente e a capacidade de actuación do orzamento actual. Admite que non pode explicar á Sra. González Loredo de que se trata unha factura dunha comida para 100 persoas asinada polo anterior alcalde, que non sabe a qué corresponde.

A Sra. Interventora explica agora o tema da luz, que recoñece que é complicado, extenso e aburrido, polo que tenta facer un resumo rápido. Informa que en xuño de 2009 se liberalizaron as tarifas eléctricas e os puntos de menos de 10 kw pasaban directamente á tarifa de último recurso (TUR) e os demais tiñan que elixir unha comercializadora, porque se non penalizaban por non elixir. Informa que no concello existen varios puntos de luz de máis de 10 kw e decidiuse pasar á comercializadora de E.On, que era a empresa que se herdaba de Begasa, que era a distribuidora, así que se firmaron uns precios por kilovatio e transcurridos 6 ou 7 meses detéctouse que se incumplía totalmente o contrato, é dicir facturábase por tarifa de último recurso, penalizábase con o 10% de cada factura sobre o consumo do concello, polo que se reclamou á empresa E.On para que rectificara a facturación, ao que fixeron oídos xordos. Explica que, máis tarde, o concello recibiu unha comunicación de corte de luz que se contestou dicindo que se estaba a reclamar, e neste momento están tentando chegar a unha situación de acordo coa empresa, xa que segundo os cálculos realizados por Intervención débense rondar os 90.000€ facturados demais dende xullo de 2009. Manifesta que o interlocutor que teñen non os saca de moitos problemas, pero por parte do concello non se pretende que se devolva o que se facturou erroneamente, senón que se deixe de facturar demais, pero o problema é que o concello debería rexeitar as facturas que veñan mal, o que pasa que unha parte delas sí que é correcta, polo que dende Intervención aconsellouse que, aínda que iso distorsionara o orzamento porque figura moito máis gasto do que se realiza, pois para proceder á súa aprobación e evitar atoparse con un recoñecemento extraxudicial de 300 ou 400.000€, xa que unha factura non se pode aprobar por partes. Por tanto, se non se aprobaba a parte que o concello tería que pagar non aparecería reflectida na contabilidade e habería que aprobar un macro-recoñecemento extraxudicial. O criterio de prudencia de Intervención foi, ante a dúbida, recoñecer, xa que sempre se está a tempo de anular ou de abonar a diferenza, é por iso que

existen eses enormes saltos en materia de electricidade, debido a esta penalización por parte da compañía, que mentras non se chegue a un acordo estase dando cobertura a uns 40.000€ anuais só de penalización, á parte de erros en facturas.

Interven a continuación o Sr. Alcalde que explica que fai poucos días que tivo unha reunión coa Interventora e un representante da empresa E.On que traía unha proposta para resolver a situación e compensar o que había demáis, pero todo estaba mal e a propia Interventora indicoulles que o que traían non estaba ben cuantificado, co cal pediron disculpas e quedaron en volver fai aproximadamente 10 días. Admite que é unha situación complicada, pero que é mellor pagar e logo reclamar, antes que non pagar e que corten a luz, por iso á parte de que a tarifa eléctrica subiu, están ditas penalizacións e se non se resolve satisfactoriamente, haberá que acabar nun contencioso.

O Sr. Alcalde expresa o seu acordo coas intervencións do portavoz do grupo do BNG pero quere contestar ao voceiro do PSdG-PSOE, e explícalle que houbo que facer fronte a unha serie de sentencias para pagar IPCs atrasados de convenios que se levaron a Xustiza, onde o concello tivo unha parte de culpa, precisamente na época que formaron goberno con un alcalde do PSOE. Informa que foi unha consignación que houbo que facer recentemente dun “fleco” daquela historia e houbo que recoñecer plans de pensións etc. que se consignaron no exercicio 2011. Tamén houbo algunha sentencia de persoal contratado durante a época de goberno do PP, de xente que estaba sen praza pero contratado sistemáticamente dende facía moitos anos e con cargo a subvención. Entende que non se trata de botarlle a culpa a ninguén, se non que é a realidade, amparada na política errática do goberno do Estado con a xustificación de que aquelas persoas que con un mínimo de anos traballaran nun mesmo posto ou noutro diferente pero para a mesma empresa, durante 24 meses, dos últimos 30, adquirirían a condición de indefinidos, polo que demandaron, explica que está a falar do GRUMIR e a sentencia é favorable en primeira instancia para eles, inapelable, e hai que aceptala, polo que se dan dúas opcións: readmitir e non pagar a indemnización ou indemnizar e liquidar.

Explica o Sr. Alcalde que, ao estar no goberno, tivo que tomar decisións e non queren fastidiar a vida a ninguén, pero poderían readmitir a alguén esperando que a subvención seguira concedéndose eternamente aínda que considera que con un parque de bombeiros ao lado igual os GRUMIR desaparecían, polo que habería que asumir un persoal duplicado polo parque de bombeiros, sen máis asignacións, é por esa razón que adoptan a decisión de indemnizar.

Refírese tamen a outra indemnización importante, dunha profesora de piano da escola de música, decisión da época de goberno da coalición con o PSOE, cando aquela persoa invocando os seus dereitos de estar contratada varios anos demanda ao concello, que tivo que escoller entre readmitir ou indemnizar, e daquela optouse por readmitir, pero a esencia das sentencias é que condenan aos concellos por ter ás persoas durante moitos anos sen crear prazas, entón no orzamento do 2008 que contou coa aprobación do PP, creáronse unha serie de prazas, entre elas esa, que se cubriu polo sistema de igualdade, mérito, capacidade e publicidade e esa persoa non se presentou, entón entrou outra persoa. O Concello invocou as sentencias que os xurídicos indicaron e dixéronlle á persoa que cesaba a relación co Concello, xa que tiña un contrato de indefinición recoñecido xudicialmente, pero non tiña a praza creada, xa que cando se convocou non se presentou, polo tanto foi despedida. Esta persoa demandou en Maxistratura en Lugo e o Concello gañou, pero apelou no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O Sr. Alcalde asume a culpa e explica que se houbera garantía de continuidade de que esas prazas seguían eternamente vinculadas a subvención seguramente readmitirían, pero non hai garantía, e dalle a

razón ao voceiro do PSOE porque cre que ten que haber versatilidade e hai cousas decimonónicas no Concello que intentarán corrixir.

Di tamén o Sr. Alcalde que recoñece que cando el foi oposición tamén facía o que se podía, pero por unha banda dise que non se gasta nada, por outra que se gasta moito, que todo ven de fóra, e acúsalles de "pírricos", porque o porcentaxe de orzamento de fondos propios é moi baixo, pero o alcalde considera que é mellor que sexa de fondos externos. Respecto ás indemnizacións que explicaba a Sra. Interventora, considera que non hai que soliviantarse porque nas bases de execución poña 60€ por asistencia a plenos, e o equipo de goberno o fixe en 50€, xa que quedará un remanente positivo nesa parte, ao final do ano. Relativo aos remanentes dos últimos tres anos, recoñece que foron positivos, polo tanto as contas non están infladas.

O Sr. Alcalde manifesta que respecto ao goberno que antes sí que estaban infladas, e que con o voto no que eles partiparon despois, e recoñece que houbo cousas que se fixeron mal no goberno bipartito anterior, porque se gastaba máis do que se ingresaba, e propoñíase máis para orzamento de previsión de ingresos do que se ingresaba e acabábase gastando máis do que ingresaba, pero di que tamén era así na época de goberno do PP, xa que cada ano había recursos a crédito, incluso na época de "vacas gordas". Explica que agora van meterse nun crédito ICO como a maioría dos concellos do Estado, xa que o goberno de España ten a ben ofertalos aos "escuálidos" concellos a un interese do 6,5% e a devolver en cómodos prazos a tres anos, polo que considera que é unha operación de tesourería máis que un préstamo. Informa que nos anos 2009 e 2010 houbo remanentes positivos, pero no mandato anterior eran negativos aínda que había recurso ao crédito sistemático.

O Sr. Alcalde refírese a continuación aos reparos no pagamento de emerxencia, informa que se son suspensivos o Alcalde non os pode tocar, pero no caso de reparos formais, no caso dos servizos sociais se se compara o cómputo global trátase de cousas pírricas. Respecto ás facturas "do caixón" de recoñecemento extraxudicial, considera que nos catro anos que leva de goberno hai poucas, aínda que descubre que sí que as hai, kilométricas e escandalosas, do mandato do bipartito, e tamén do mandato do PP do ano 1999 ao 2003.

O Sr. Alcalde di que quere facer unha consideración importante, que o Alcalde do PP cobraba do concello uns 30.000 euros máis do que cobra el, aínda que estaba na Deputación como vicepresidente.

O Sr. Valín Valdés, do grupo municipal do PP, dille que considera que non é certo e pídelo que o demostre ante todos.

O Sr. Alcalde informa que, no seu momento, se fixera unha media e resultaron uns 70.000€ ao ano, que o poden consultar nos orzamentos.

Explica o Sr. Alcalde que gracias aos remanentes e a que gastan menos do que ingresan, permítense facer recoñecementos extraxudiciais de facturas do pasado pero que os provedores deben cobrar, e pon exemplos de ceas kilométricas, 9.000€ ao mes por limpar a fosa séptica dunha praia etc. Refírese aos servizos sociais, anuncia que o seu goberno non constrúe edificios, senón que crea axuda a domicilio, por iso de 500.000€ de orzamento hai 400.000€ para persoal, porque no ano 2007 había cinco auxiliares de axuda a domicilio e agora hai unha dúcia, máis unha empresa con servizos externos que triplica ou cuadriplica o número de casas e de horas, o cal ten un custo en kilometraje porque as traballadoras de axuda a domicilio van na

moto ou no coche e hai que pagarlles os kilómetros, xa que aínda que tentan “apretar” aos funcionarios canto poden, son consecuentes.

Sinala tamén que con respecto á Escola de Música, manifesta o seu acordo de que é moito o que se paga, 365.000 euros de custe, xa que só se cobran 50.000€ de taxas, pero parécelle indignante o que aporta a Xunta de Galicia en materia educativa, xa que a Escola tería que estar asumida pola Xunta e os concellos dedicarse á axuda a domicilio e a amañar rúas, pero pasou de 17.000€ a 4.000€, aínda que para a regata Transgascone aportou 40.000€.

O sr.Alcalde anuncia que o próximo curso haberá que subir as taxas para equilibrar o que deixou de aportar a Xunta de Galicia.

O Sr. Alcalde di tamén que admite que se equivocaron no tema do convenio e no do Cine Teatro, firmado na época do bipartito, xa que aceptaron a renda dun inmovible que non precisan porque existe un auditorio, pero compraron unhas butacas por 10 millóns de pesetas e agora non poden dicirle á Sociedade Filantrópico Dramática que se quede co Cine Teatro, xa que as butacas non se poden levar. Explica que lle están dando voltas, que se fora máis versátil seguramente se podían facer moitas cousas, pero funciona como un segundo auditorio. En canto ás débedas ao Leader, expón que son pólizas de crédito de cousas que lle parecen impropias polo Goberno de España, xa que a esta asociación lle adebeda 190.000€ dun 5% dende fai 5 anos e o Ministerio di que depende da Comisión Europea. Recoñece unha mala xestión por parte dos Concellos no seu momento, por non poñer un fondo que sustentara, xa que as asociacións votaron e decidiron, e agora os Concellos de Castropol e Ribadeo teñen que pagar ducias de miles de euros de pólizas de crédito, que no 2006 era kilométrico, e aínda que siga sendo importante, foi baixando.

Di tamén o Sr.Alcalde que acepta que o orzamento non é liquidativo pero case, e considera que vindo dunha cuestión de confianza sería burdo plantexar a aprobación dun orzamento antes das eleccións, e que faille gracia que primeiro o acusen de derrochar e despois pregunten polos 68.000€. Recoñece que a situación é de tentar facer o que se poida, gastar menos e reducir, pero manifesta a súa intención de seguir traballando e amañando rúas, porque di que este país é de camareiros, inmigrantes e albañiles, polo que se vai converter nun país de colonizados consumistas, polo que van ir con cuidado e rigor, e poñendo menos luces nas festas da patrona e do Nadal, en resumo, reducindo en algunhas cousas.

Dando por rematada a deliberación o Sr.Alcalde manifesta que vai pasar a votación a súa proposta.

Pasada a votación o dictame da Comisión Informativa de orzamentos para o exercicio 2011, ditamínase por 7 votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e 5 en contra (dos membros dos Grupos do Partido Popular e Mixto), acordáse:

1º.- Aprobalo Orzamento Municipal para o exercicio económico 2011, que se eleva, en gastos e en ingresos á contía de 10.394.218,53 € “dez millóns trescentos noventa e catro mil douscentos dezaoto euros con cincuenta e tres céntimos de euro”, que se concreta nos

seguintes resumos por Capítulos, entendendo incluídas nos mesmos as modificacións que se realizaron ó longo do exercicio sobre o Orzamento prorrogado:

ESTADO DE GASTOS.-

| CAP. | DENOMINACION | € |
|----------------------------------|--------------------------------------|-----------------------|
| A) OPERACIONES CORRENTES | | |
| 1 | Gastos de persoal. | 3.877.170,54€ |
| 2 | Gastos en bens correntes e servizos. | 2.796.186,05€ |
| 3 | Gastos financeiros. | 65.900,00€ |
| 4 | Transferencias correntes. | 175.725,00€ |
| B) OPERACIONES DE CAPITAL | | |
| 6 | Inversións reais. | 2.754.962,63€ |
| 7 | Transferencias de capital. | 370.130,78€ |
| 8 | Activos financeiros. | 27.045,54€ |
| 9 | Pasivos financeiros. | 327.097,99€ |
| TOTAL GASTOS..... | | 10.394.218,53€ |

ESTADO DE INGRESOS.-

| CAP. | DENOMINACION | € |
|----------------------------------|---------------------------------|---------------|
| A) OPERACIONES CORRENTES | | |
| 1 | Impostos directos. | 2.122.000,00€ |
| 2 | Impostos indirectos. | 170.000,00€ |
| 3 | Taxas e outros ingresos. | 2.469.781,87€ |
| 4 | Transferencias correntes. | 2.637.918,28€ |
| 5 | Ingresos patrimoniais. | 20.670,00€ |
| B) OPERACIONES DE CAPITAL | | |
| 6 | Alleamento de inversións reais. | 0,00€ |
| 7 | Transferencias de capital. | 2.599.802,84€ |
| 8 | Activos financeiros. | 27.045,54€ |
| 9 | Pasivos financeiros. | 347.000,00€ |

| |
|----------------------------|
| TOTAL INGRESOS..... |
|----------------------------|

| |
|-----------------------|
| 10.394.218,53€ |
|-----------------------|

2º.- Aproba-las Bases de Execución do orzamento, tal como se atopan redactadas, e que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria, organización e circunstancias do propio Concello.

3º.- Según o disposto no artigo 90 da Lei 7/85, do 2 de Abril, aproba-los cadros de persoal (funcionario e laboral) para o ano 2010, tal como figuran nos anexos de persoal.

4º.- Aproba-los cadros de retribucións, tanto de funcionarios como de persoal laboral, coas contías que figuran nos mesmos.

5º.- Aproba-la Oferta de Emprego Público do exercicio 2011 conforme o cadro de persoal que figura neste Orzamento.

6º.- Declarar a subsistencia das modificacións de crédito operadas sobre orzamento prorrogado agás a modificación de crédito en forma de transferencia de crédito número 4/2011 (dotación de crédito en diferentes partidas de persoal para a cobertura do pagamento de paga compensatoria de ipc segundo acordos e convenios de persoal) e a modificación de crédito en forma de transferencia de crédito número 9/2011 (dotación de crédito para a cobertura da aportación municipal ao proxecto e execución da obra de reforzo e reparación da Torre dos Moreno) por estar ambas previstas especificamente no proxecto de orzamento 2011.

7º.- Que se expoña ó público o expediente por prazo de 15 días hábiles, mediante edictos no B.O.P. e no taboleiro da Casa do Concello e, de non formularse reclamacións contra o mesmo, ou de non basearse estas nalgún dos supostos do art. 170 do Texto Refundido da LRFL, entenderase definitivamente aprobado o orzamento, sen necesidade de novo acordo, remitíndose posteriormente copias á Delegación de Facenda e á Xunta de Galicia, publicándose finalmente Edicto do orzamento, resumido por Capítulos, no referido B.O.P., todo elo segundo se establece a normativa vixente.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinteunha horas e cincuenta e cinco minutos levantase a sesión, extendéndose a acta presente do que, como Secretario certifico.